

ACTA Nº 57 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 14 de febreiro de 2025

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:15 h.

ASISTENTES:

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana Mª (Responsable da Xestión do Centro)
Campos Magdaleno, María (PDI)
García Pedreira, Rocío (PDI)
Gómez Gómez, Carmen (PDI)
López Castro, Leticia (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Sarceda Gorgoso, María Carmen (PDI)
Souto Seijo, Alba María (PDI)

DESCULPA ASISTENCIA:

Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. **Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores (achéganse actas).**
2. **Revisión e análise dos plans de mellora dos títulos impartidos na facultade: accións finalizadas 2023-24 e abertas 2024-25. Debate e acordos a tomar.**
3. **Revisión e análise das accións finalizadas 2023-24 a nivel de centro para a memoria de calidade, e proposta de accións abertas para o 2024-25. Debate e acordos a tomar.**
4. **Análise do informe de incidencias (queixas, suxestións, reclamacións, etc), presentadas na OAR e no Decanato.**
5. **Revisión e aprobación, se procede, da terceira edición do Documento marco de funcións das coordinacións, que incorpora funcións nos mestrados.**
6. **Bolsas SICUE: Acordos a tomar para o curso 2024-25.**
7. **Formulario para egresados 2024-25: Acordos a tomar.**
8. **Comisión de convivencia. Acordos a tomar para o curso 24-25.**
9. **Rolda aberta de intervencións.**

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, dá a palabra á secretaria do Centro, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións á acta da sesión ordinaria do 9 de xullo de 2024 (acta nº 55) nin á acta da sesión extraordinaria do 18 de outubro de 2024 (acta nº 56). Sométense a aprobación estas actas e apróbanse por asentimento.

2. Revisión e análise dos plans de mellora dos títulos impartidos na facultade: accións finalizadas 2023-24 e abertas 2024-25. Debate e acordos a tomar.

A presidenta da comisión dá a palabra á vicedecana e responsable de calidade do Centro, Paula López Rúa, quen sintetiza a información recollida sobre accións de mellora nos informes elaborados polas comisións de título de Grao en Mestre/a en Educación Infantil (GMEI), Grao en Mestre/a en Educación Primaria (GMEP), Master Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (MPES) e Master Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (MDAEN), e enviados ao vicedecanato polas coordinadoras do Centro Alba M^a Souto, María Campos e Leticia López, das titulacións de GMEI, GMEP e MDAEN respectivamente. Ademais das accións de mellora das titulacións de Graos e Mestrados, indica tamén as accións de melloras de centro (punto 3 da orde do día).

Revisáronse e discutíronse, por parte da comisión de calidade, todas as accións de mellora, tanto as accións finalizadas como as que aínda están abertas. A comisión considera que as accións de mellora son adecuadas e progresan convenientemente. A

decana destaca que se está a dar pasos, que ás veces parecen pequenos, pero que son moi sólidos e que hai que valorar moi positivamente.

A comisión de calidade do centro acorda seguir adiante co plan de melloras dos títulos impartidos na FFP e as accións de mellora a nivel de centro para os cursos 2023-24 e 2024-25.

3. Revisión e análise das accións finalizadas 2023-24 a nivel de centro para a memoria de calidade, e proposta de accións abertas para o 2024-25. Debate e acordos a tomar.

Tratado no punto 2 da orde do día.

4. Análise do informe de incidencias (queixas, suxestións, reclamacións, etc), presentadas na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) e no Decanato.

A presidenta da comisión cede a palabra á vicedecana Paula López, que indica que na OAR non consta ningún tipo de queixa ou reclamación do noso alumnado, pero si que constan dúas reclamacións no decanato da FFP, una de GMEI e outra de GMEP. As dúas son por dispensa por razóns laborais. Aos dous estudantes solicitantes concedéuselles dispensa parcial naquelas materias que se impartían no seu horario laboral, pero non para todas as materias como solicitaban. Estas persoas presentaron alegacións, pero desestimáronse.

A comisión está de acordo coa decisión tomada polo decanato.

5. Revisión e aprobación, se procede, da terceira edición do Documento marco de funcións das coordinacións, que incorpora funcións nos mestrados.

A presidenta da comisión dá a palabra á vicedecana, Paula López, quen indica que o documento é una versión actualizada na se que recollen todas as coordinacións dos Graos e dos Mestrados da FFP.

Despois de revisar e completar todas as funcións das diferentes coordinacións das titulacións do Centro, a comisión aproba a terceira edición deste Documento marco.

A vicedecana Paula López indica que é un documento de referencia que deberían ter todos os coordinadores de curso.

6. Bolsas SICUE: Acordos a tomar para o curso 2024-25.

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, fai un recordatorio breve da proposta feita sobre a oferta de bolsas SICUE para o alumnado da FFP, e sinala que vai ser unha proposta difícil de abordar neste momento, por cuestións de definición de criterios e de prazos. O que suxire é adiar esta proposta ata que se establezan uns criterios claros e un procedemento sinxelo para levala adiante. A vicedecana Paula López indica que para facer unha convocatoria destas características hai que informarse ben para que estean ben definidos os criterios económicos e académicos. A xestora Ana Brao sinala que o

expediente académico xa se ten en conta para a elección de destino, e debería ser só criterios económicos. A decana Carmen Sarceda expresa as dificultades que iso conleva.

A comisión acorda adiar a proposta de bolsas SICUE para máis adiante, ata que se poda establecer un procedemento transparente.

7. Formulario para egresados 2024-25: Acordos a tomar.

A presidenta da comisión cede a palabra á vicedecana, Paula López, quen informa que este ano xa se lle pasou un formulario ao alumnado de cuarto curso dos graos (GMEI e GMEP) para solicitarlles permiso para poñerse en contacto con eles unha vez sexan egresados, tanto para recompilar información de empregabilidade e inserción laboral como para enviarlles información sobre cursos e ofertas de traballo. A vicedecana suxire protocolizar esta acción para vindeiros cursos. A decana, Carmen Sarceda, sinala que tamén sería bo ampliar esta acción aos mestrados, polo menos ao Master DAEN, e sinalalo como acción de mellora para a acreditación deste mestrado. A coordinadora do Master DAEN, Leticia López, está de acordo co indicado. A vicedecana Paula López tamén indica que no Master de Profesorado se está a facer algo similar.

A comisión de calidade aproba protocolizar esta acción para todos os títulos da FFP.

8. Comisión de convivencia. Acordos a tomar para o curso 24-25.

Carmen Sarceda, presidenta da comisión, lembra que a comisión de convivencia xa foi aprobada en Comisión de Calidade e en Xunta de Facultade (na sesión ordinaria do 21.12.2023), e hai persoas que xa se ofreceron para formar parte dela. Tamén lembra que se falara da posibilidade de fusionar a comisión de xénero coa de convivencia, modificando o nome para incluír ás dúas comisións, e definindo ás súas funcións. Carmen Sarceda indica que se considera adecuada esta opción habería que consultar cos membros das dúas comisións, e, de estar de acordo, o protocolo sería: cambiar o nome da nova comisión e definir funcións, aprobar isto na comisión de Calidade e na Xunta de Facultade, e modificar o Regulamento de Réxime Interno. Ela avoga por ter una soa comisión, xa que entende que pode ser unha opción máis funcional que ter dúas comisións, que se poden estar solapando nalgunhas situacións. Ademais, indica que algún dos seus membros xa suxeriu esta opción e considera que é oportuna e viable. A profesora Paula López recoñece que si pode haber cuestións que competen ás dúas comisións, e sería máis práctico ter só unha. As profesoras Alba M^a Souto e Virginia Aznar tamén están de acordo. Carmen Sarceda indica que o novo nome ten que ser inclusivo e indicativo das súas funcións. A profesora Paula López suxire “Comisión de Xénero, Igualdade e Convivencia”. A profesora Rocío García explica que nunha soa comisión as cuestións de xénero poderían quedar nun segundo plano, polo que indica que en dúas comisións o xénero tería maior visibilidade, segundo a súa experiencia en colexios de Primaria. A profesora Alba M^a Souto indica que noutras universidades hai tanto comisións separadas como fusionadas.

A comisión de calidade acorda trasladar esta proposta de fusionar as dúas comisións aos membros de ambas, para coñecer a súa opinión.

9. Rolda aberta de intervención.

Non hai.

Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/04/2025 18:29:44.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/04/2025 17:43:02.

CSV: 58BF-9211-4BC7-A8F5